

TITULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS
Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia
Traballo de fin de estudos

Formación básica	Curso: 4º escultura	2º Cuadrimestre	9 ECTS
-------------------------	----------------------------	------------------------	---------------

Teórico-práctica
Profesor coordinador: Comba Torre Castro
comba.torre.castro@edu.xunta.gal
Horario: 1 horas semanal de tutoría
DESCRINCIÓN DA MATERIA

Realización individual dun proxecto que achegue coñecemento na disciplina da conservación e restauración. Elaboración e defensa dunha memoria ou informe final coa descrición de método de traballo e valoración crítica do resultado.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos a a súa capacidade de xerar valores significativos.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X3	Recoñecer e identificar as alteracións do ben cultural e as causas de seu deterioro para avaliar o estado de conservación.
X5	Determinar os criterios de intervención e decidir o tratamento de conservación máis axeitado.
X7	Deseñar sistemas e tratamentos de conservación e restauración.
X12	Elaborar proxectos de conservación-restauración, determinar follas de prescricións técnicas e elaborar orzamentos.
X18	Documentar calquera dato derivado do estudo e proceso dos tratamentos de conservación e restauración que contribúa a facilitar a comprensión e coñecemento do ben cultural.
X19	Coñecer e aplicar os recursos de investigación: metodoloxía científica, fontes documentais e historiográficas, análise, interpretación e síntese de resultados.
X20	Ter a capacidade para obter, presentar e difundir información sobre os bens culturais e a metodoloxía dos procesos de conservación-restauración.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE

EE7	Investigar o patrimonio cultural, tanto no referido á evolución, constitución e causas de deterioro dos devanditos bens culturais como no referido á metodoloxía de traballo da conservación e restauración de obras escultóricas.
-----	--

METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxías	Obxectivos	Horas aula	Horas fora	Total
Traballo de fin de estudos	<p>O alumnado abordará de forma autónoma diversas actividades de traballo, vinculando competencias de varias disciplinas dos estudos de CR. O alumno/a deberá respostar a problemas complexos nos que debe demostrar adquisición de competencias moi variadas.</p> <p>A materia non ten docencia regular, pero o equipo docente coopera de dous xeitos. Por un lado, o coordinador de TFE traslada as diversas informacións académicas; o titor fará o seguimento do traballo e impulsará a mellora de este.</p>	18	207	225

SISTEMAS DE AVALIACIÓN

Método	Criterios	% avaliación
Traballos e proxectos	<p>O estudante presenta o resultado obtido na elaboración individual dun documento relacionado con algunha ou algunhas das temáticas dos estudos de conservación restauración da especialidade. Deberá ser entregado un documento escrito, acompañado da exposición e defensa pública do mesmo. A defensa deberá realizarse ante un tribunal de cualificación, designado pola dirección</p>	100%

COMENTARIOS Á AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

A totalidade das informacións referidas á materia, e especialmente os criterios de avaliación estarán dispoñibles na plataforma académica moodle.

MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

Se a valoración do TFE por parte do Tribunal cualificador non é positiva, este indicará as modificacións e melloras a realizar no TFE de cara á convocatoria extraordinaria.

CALENDARIO DE AVALIACIÓN

A determinación do calendario é decisión da Comisión de Coordinación Académica, quen o deseñará antes da avaliación do 1º cuatrimestre

ATENCIÓN PERSONALIZADA

O Coordinador da Materia atenderá no seu horario de titorías as solicitudes de información do alumnado. Este terá tamén a posibilidade de facelo a través de moodle ou por correo electrónico. Cando estea decidido tema e titor, no segundo cuatrimestre, indicárase o horario de atención específica (unha hora á semana).